

# Documento Político

III Asemblea Cidadá  
Podemos Galicia

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

# Máis Podemos porque Podemos Máis

## 1. Introducción.

### 1.1. Precipitamos o cambio.

Nunca Máis, Non á Guerra, Non á LOGSE, O 15M, O tren da liberdade, O 25N, as mareas verdes, brancas, granates, lilas, a xanela de Cambio.

Enchemos as prazas e as rúas e pronto se fixo evidente que dende alí non ían escoltarnos, que había que xogar coas regras do poder e para iso era necesario contar cun partido que fora quen de trasladar as conversas das prazas ó seno das institucións.

Dixéronnos que non era posible, non obstante, nacemos para amosar unha vontade firme de mudar as cousas. Nacemos para gañar, e non só para facer ruído.

Catro anos despois do nacemento de Podemos ninguén dubida que a nosa formación foi quen de abrir as portas do cambio cuestionando algún dos piores sobre os que se asentou o réxime do 78; moi especialmente o do bipartidismo que dominou a política española dende a Transición. Precipitamos o Cambio e enchemos concellos e parlamentos de caras e ideas novas, demostrando que o futuro político vai depender de cada vez máis mans.

### 1.2. Máis Podemos para un mellor país.

Recuperar Podemos para recuperar Galicia. Apostamos por un Podemos Galicia que sexa quen de liderar o Cambio necesario que garanta que as políticas do futuro goberno atendan ás demandas e problemas de toda a cidadanía. Un espazo político que construiremos xuntas, entre todas e todos, en beneficio da ampla maioría social que ven padecendo demasiados anos un goberno de políticas de recortes e que non se preocupaba polo benestar e os problemas da cidadanía galega: avellentamento, perda poboacional, desindustrialización, crise do sector primario, debilidade dos sectores estratéxicos, esmorecemento da sanidade e a educación públicas...

Por todo iso, cremos na necesidade de mudar unha sociedade inxusta. Apostar por unha nova política que teña a mirada fixa na axenda social e os pés firmes para dar os pasos necesarios adiante. Porén non seremos quen de acadar estes obxectivos senón contamos cun partido forte, amplo, participativo e cohesionado. Por todo iso presentamos un proxecto para tecer a nosa organización. Unha candidatura ampla, fortemente asentada nos nosos principios e arraigada no territorio, que poda unir a todas e todos aqueles que cren na posibilidade de mudar as cousas. Unha alternativa de portas abertas onde non sobra ninguén, que recupere a transversalidade e o papel dos círculos como eixo vertebrador de Podemos Galicia e principal ponte cos movementos sociais e a cidadanía. Un Podemos máis unido, ambicioso e cunha clara e inequívoca vontade de gobernar Galicia da man do resto de forzas irmás do noso país. Precisamos ensanchar o espazo de cambio que agora mesmo é a oposición ao goberno de Feijóo.

O mandato da cidadanía e das bases é claro. Un Podemos forte, aglutinador e que lidere. Un Podemos no centro. Que busque alianzas para un país, para unha Galicia mellor. Ante a pregunta “¿Apoias que PODEMOS se presente ás próximas eleccións MUNICIPAIS en coalición con as forzas políticas e plataformas municipalistas aliadas do

**III Asemblea Cidadá  
Podemos Galicia**

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

espazo do cambio e coa palabra PODEMOS formando parte do nome da candidatura, salvo onde exista una “marca” consolidada?” e cun 85% do apoio, as bases, os e as inscritas, falaron en Galicia. Gañar eleccións, sumar alianzas, democratizar e transformar as institucións, para unha vida mellor.

Precisamos máis Podemos para recuperar o noso país. Queremos un Podemos forte para fortalecer o conxunto do espazo galego do cambio de cara a acadar o tan necesario cambio político en Galicia.

### 1.3. Confirmación da hipótese. A ventá aínda está aberta.

Con apenas tres anos de vida, nada ten que ver o escenario no que naceu o noso partido, co panorama que afrontamos hoxe. Dous anos despois, xa demostramos que si se pode. Xa non cabe discutir sobre a hipótese de Cambio, senón que esta é unha realidade ao longo e ancho do Estado. Madrid, Barcelona, Cádiz pero tamén A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol, englobábase baixo ese rótulo de “Cidades do Cambio”, as nosas cidades rebeldes, que levan máis de tres demostrando que outra forma de facer política si era posible. Unha política nova, na que as de abaixo pasan a ocuparse dos asuntos públicos que nos afectan a todas. Unha nova forma de facer política que puxo as nosas cidades e ao noso país no mapa, colocando a Galicia como un territorio rebelde, que non quere seguir a ser gobernada polos de sempre.

Unha realidade que trouxo frescura e esperanza para todos os galegos e galegas que, esta vez si, miramos orgullosos aos que nos representan ao ver que xa non son eles, senón que somos nós. É dicir, que as persoas que nos representan forman parte da xente.

### 1.4. O Feminismo no centro das vidas e da política.

Pero non só o municipalismo das comúns mudou o noso país dende que aparecemos. As mulleres deste país, así como noutros do mundo, amosaron ser o mellor dique de contención para a extrema dereita e a barbarie. A folga feminista do 8M foi masiva e secundada por millóns de mulleres, mudando para sempre a correlación de forzas políticas entre homes e mulleres, pero tamén a correlación de forzas entre a esquerda e a dereita. O feminismo é neste momento a mellor oportunidade da esquerda, o mellor motor para imaxinar outra orde das cousas.

### 1.5. A cidadanía galega, representada.

Chegou a esperanza do Cambio que se materializou en poder político en moitas das principais cidades e vilas galegas. Isto foi o primeiro chanzo. Sete meses despois, as urnas volvéronse abrir e máis de 400.000 galegos e galegas fixemos evidente que o Cambio estaba xa asentado na nosa sociedade e era o momento de levalo a todas as institucións.

Durante os últimos 3 anos levamos a voz de centos de miles de galegos e galegas ao Congreso. Na forma de coalición, conseguimos uns resultados históricos. Galicia nunca estivo tan representada. Defendemos que a crise de réxime seguía aberta, e tras unha moción de Censura ao Goberno de Mariano Rajoy, hoxe hai un Goberno Socialista no Estado, que empuxado e apoiado polo Grupo Confederal no Parlamento, está revertendo as peores políticas dos anos de austericidio. Isto é así porque Podemos entrou con forza no congreso, agora tócanos ser o garante de que, un PSOE que antes da existencia de Podemos se conformaba coa alternancia bipartidista e se esquecía das clases populares, dende a súa actual posición sexa quen de facer

## III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

políticas para a maioría social. Tamén é fundamental o papel de Podemos como forza de rexeneración democrática e das nosas institucións, temos o deber de recuperar o prestixio da actividade política, tan gravemente danado pola corrupción, e a vocación de servizo público.

Pero este é o rol que nos toca desempeñar na actualidade, debemos seguir traballando e ampliando a nosa alternativa política, para que esa maioría social cuxos intereses queremos defender a recoñeza como súa.

Ao tempo, as eleccións autonómicas de 2016 situáronnos como a segunda opción máis votada polas galegas e galegos converténdonos na principal forza de oposición do país tras conseguir sorpassar ao PSdG.

## 2. Volve Podemos

O mandato das bases é claro: unidade de Podemos e unidade popular, un Podemos forte para vencer. O berro inequívoco de Vistalegre II foi unidade, o resultado das consultas en Podemos Galicia foi confluencia, e a demanda unánime de Podemos Galicia un Podemos forte e unido.

O noso país é aberto e plural, por iso debemos construír un Podemos Galicia aberto e plural, no que todas nos sintamos cómodas e sexa representativo da diversidade do país. Volve Podemos significa recuperar ás que se foron, implicar as que están, seducir ás que faltan. Para que a maioría social se recoñeza en Podemos Galicia e no noso proxecto de país.

### 2.1 Podemos cara adiante, con proxecto.

Podemos Galicia ten que ser o motor do cambio e para iso necesita contar coas ideas máis avanzadas que recollan o mellor do noso talento, ao tempo que leva a iniciativa política nas institucións e na sociedade.

Podemos Galicia necesita mostrar un rumbo que recolla as inquietudes e os desexos do noso pobo, que mostre un camiño compartido.

Temos que construír coa sociedade civil galega, coa cidadanía viva do país, un proxecto que permita desenvolver un futuro mellor para a nosa xente. Un proxecto que determine a axenda pública de Galicia, desde as institucións, desde a rúa, desde a sociedade civil ou desde os gobernos.

Xa demostramos que somos quen de gobernar mellor nas cidades do cambio. Agora toca facelo tamén para Galicia. Podemos xa deixou de ser unha simple promesa ou unha ferramenta electoral e agora é a principal alternativa política e cidadá que xa goberna cidades principais e agora ten que prepararse para gobernar Galicia.

Toca construír o futuro, con ideas novas e traballo en común para que a sociedade vexa que Podemos é unha alternativa confiable para gobernar, que sabemos o que queremos, que somos capaces de levalo a cabo, e que a nosa proposta está feita coa xente e para a xente.

Somos un proxecto político e cidadán de longo alcance, Podemos veu para quedarse. Somos a alternativa de esperanza para millóns de persoas, non se trata de reducir a nosa aposta a uns bos resultados electorais ou influír un goberno, chegamos para

**III Asemblea Cidadá  
Podemos Galicia**

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

transformar a realidade da maioría, chegamos para gobernar, para cambiar Galicia, para cambiar o mundo.

## 2.2. Galicia, un desexo común

Galicia é o noso desexo común, o que se funde coas preocupacións e os soños do noso pobo. O proxecto de Podemos ha de ser o proxecto de Galicia. O proxecto dun país, das maiorías, da nosa xente, o proxecto dun pobo. Un país de mundo, orgulloso, con ideas, con enormes riquezas e capacidade de traballo, que mira o futuro con esperanza.

Que ninguén se equivoque, Galicia non é un territorio de mansedume, un lugar onde nunca cambia nada. No noso país aconteceu o primeiro movemento de ruptura democrático e hexemónico do noso entorno: Nunca Máis. Anticipaba a lóxica do 15M e concitaba a simpatía da inmensa maioría da sociedade. Un pobo en marcha que non cala e non se resigna.

Hoxe Galicia é un dos territorios onde o cambio está máis avanzado, tivemos dos mellores resultados nas eleccións xerais ao Congreso, somos a principal forza da oposición no Parlamento e temos o maior número de gobernos do cambio.

A nosa proposta debe ser capaz de mirar ao horizonte e camiñar cos pés na terra. O proxecto de Podemos ha de ser útil para a cidadanía galega de hoxe, tanto nas alternativas políticas, nas iniciativas institucionais como na acción social. O cambio é profundo, vai máis alá de mudar un goberno precisa xente que o alimente e o impulse.

O proxecto de Galicia de Podemos é un proxecto de acción pública a favor das maiorías, no social, no democrático, no económico ou no territorial, pero é tamén un proxecto de país, un país que facemos en común.

## 2.3. Podemos para as maiorías, unidade popular e cidadá

Podemos veu á política para cambiar a vida da xente, e iso só se pode facer gobernando e tomando decisións políticas en favor das maiorías. Non chegamos ata aquí para ser oposición crítica ou para acompañar gobernos. Sabemos xogar o noso papel pero coa mirada sempre posta no que a cidadanía nos demanda.

A nosa proposta estratéxica é incluír a maioría social no proxecto de cambio e para iso precisamos dunha pluralidade política que sitúe en primeiro plano o que nos une, e o que une a inmensa maior parte da cidadanía.

Podemos sempre se comprendeu como un catalizador. A unidade popular é un proceso social amplo e profundo co obxectivo de poñer o poder ao servizo das maiorías, non se trata de ningunha suma de siglas ou dunha marca concreta, é un movemento social e político para vencer.

Galicia é o territorio, xunto as cidades do cambio, onde o proceso de unidade popular está máis avanzado. Non podemos permitir que o capital da confluencia se desbarate por disputas internas ou por escoras que sitúan a nosa proposta nas marxes. As xentes de Podemos Galicia apostaron pola unidade popular que se sitúe na centralidade do taboleiro para ser útil ás maiorías. Para que a unidade popular sexa hexemónica e chegue a gobernar Galicia, necesita un novo Podemos, con protagonismo, que conecte co sentir maioritario da cidadanía galega. Un Podemos que une, un Podemos que suma. Sumar ideas, sumar movementos, sumar alternativas, sumar xente.

**III Asemblea Cidadá  
Podemos Galicia**

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

**2.4. Podemos forte**

Galicia necesita un Podemos forte para facer real o cambio político. Podemos é a forza principal do cambio e debe xogar o papel que lle corresponde. O proxecto para Galicia de Podemos debe manter un perfil propio na unidade popular, e unha proposta propia na sociedade.

A unidade popular necesita un Podemos unido e forte que infunda potencia ás confluencias para poder vencer. Moitos Podemos enfrontados non reforzan a unidade popular e non son útiles para a cidadanía, precisamos recuperar a forza do si se pode, un Podemos Galicia capaz, que garanta a estabilidade e a unidade do proxecto a longo prazo.

Existe un falso debate sobre o papel de Podemos nas confluencias, onde as únicas opcións serían ou ben enfrontarse aos outros actores -forzas políticas, sociais, persoas...- da unidade popular ou ben diluírse nos instrumentos políticos da confluencia. Pois nós dicimos que non, calquera desas alternativas é mala para o cambio político en Galicia e é mala para Podemos.

Necesitamos, por unha parte, superar un Podemos que se enfronta dentro e cos seus aliados estratéxicos, sen ser capaz de xerar confianza no conxunto das forzas do cambio e na cidadanía. Necesitamos, por outra parte, superar un Podemos sen proxecto que intervén de xeito reactivo diante das outras forzas políticas, un Podemos pasivo permanentemente á defensiva, que non é capaz de ter un perfil propio que permita implicar toda a potencia de Podemos no cambio. A xente pídenos un Podemos antagonista coas minorías privilexiadas que nos gobernan desde a sombra, non que nos enfrontemos coas compañeiras e compañeiros de viaxe. Fraternidade e forza para vencer.

E aínda necesitamos ir máis alá. A responsabilidade de Podemos como vector principal do cambio significa asumir o liderado da confluencia. Un liderado feminista, compartido e facendo en común, que achega ideas, iniciativas e toda a enerxía dos seus círculos e das súas persoas inscritas. Pero un liderado que permita desprezar toda a potencia da unidade popular.

Un Podemos forte liderando a unidade popular é o que precisa Galicia para alcanzar a hexemonía e sermos quen de gobernar. Crear un escenario de suma positiva onde todas e todos gañamos.

**2.5. Podemos desde abaixo, coas bases**

A forza de Podemos e do cambio chega de abaixo. Un Podemos forte precisa unha organización dinámica, fortemente democrática e inserida na sociedade.

A forza de Podemos é a súa xente. Carece de sentido contrapoñer as bases coa dirección. Temos que deixar atrás concepcións da dirección que lle temen ás súas bases, que entenden que os círculos e o conxunto das inscritas e inscritos son unha ameaza para a dirección.

A militancia reclama cambios e ese ten que ser o noso primeiro desafío. A militancia reclama participación. A militancia reclama atención. A militancia reclama respecto. A militancia reclama, en fin, comunicación e relevancia. E a sociedade galega reclama que se fale dos seus problemas e non dos dos políticos, reclama transparencia, reclama rendición de contas, reclama sobre todo outra forma de facer política.

Para nós a dirección significa mandar obedecendo. Podemos interpreta de forma positiva a implicación democrática das súas bases. Unha maior implicación das bases significa maior lexitimidade da dirección, pero tamén unha maior potencia política e

### III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

relevancia na sociedade. A forza da dirección ten que ver coa súa capacidade de liderado e integración, pero sempre que se asente nas bases, manteña unha comunicación fluída e as súas decisións respondan a maioría de Podemos.

Volve Podemos tamén no orgánico, con toda a vitalidade das bases e dos círculos, con dinamismo na sociedade, volver a converter Podemos Galicia nunha ferramenta política viva, aberta e chea de xente. Que se pense en colectivo, no que acción común non se reduce a individualidades senón a equipos. O Podemos das bases é un Podemos que xoga en equipo. De portas abertas, debates sosegados e fraternos. Onde a discrepancia non sexa sinalada de disidencia.

A nosa proposta de organización con vitalidade democrática implica activar e apoiar os círculos, hai miles de persoas que queren participar en Podemos Galicia. Que estea presente e activa en todo o territorio e en todos os ámbitos. Unha organización viva con círculos en cada vila, en cada cidade, en cada barrio, en cada aldea. Onde hai unha inscrita de Podemos o cambio está en marcha, debemos apoiar esa potencia que non ten ninguén en Galicia.

Podemos ten que estar presente de xeito transversal en toda sociedade civil, e activar todos os ámbitos onde a cidadanía está activa e que atenden aos problemas da xente, na sanidade, na educación, no social, no agro, na xuventude, na ecoloxía, nas pensións, no feminismo. Un Podemos vivo é un Podemos que integra as ideas e a capacidade de traballo da súa xente, e que as converte en iniciativas útiles para a xente.

## 2.6. Os círculos como motor

No noso partido contamos cos círculos como ferramenta principal de empoderamento cidadán. Os círculos son o espazo a través do cal nos incorporamos á militancia activa no partido por primeira vez, onde, grazas á liberdade estrutural e de debate aberto, organizámonos e facemos traballo a pé de rúa.

Desde a dirección de Podemos Galicia deberá de haber unha total predisposición a compartir cos círculos as estratexias políticas polas que aposta o CCA, para recibir o feedback da militancia, para que, co mesmo, enriquezase a amplitude de ángulo á hora de facer as análises que conduzan aos posicionamentos vertebrais da folla de ruta a nivel local e autonómico. Así mesmo, promoveranse encontros dos nosos parlamentarios coa militancia para efectuar unha rendición de contas da súa actividade, que consideramos como unha obriga dos nosos representantes respecto dos seus representados.

O traballo e o día a día de Podemos Galicia debe configurarse tanto a pé de rúa, a través da participación en accións de reivindicación social, como a nivel institucional, promovendo iniciativas dirixidas a mellorar as condicións de vida e de traballo da cidadanía. Hai que estar preto dos movementos sociais e as plataformas cidadás. Debemos fomentar a colaboración e participación da nosa militancia nas iniciativas populares de carácter reivindicativo, pero sen ánimo de interferir nas súas dinámicas e funcionamento organizativo.

Demostrouse que Podemos é capaz de mobilizar a unha gran cantidade de persoas para actos e citas puntuais, o reto é lograr unha participación cotiá e continua. Necesitamos consolidar un espazo amable, aberto e atractivo para a sociedade galega, cunha identificación plena coas súas necesidades e demandas. É primordial reforzar a nosa base social, como salvagarda contra os perigos da burocratización e os liderados personalistas, porque un partido que se encerra en si mesmo non poderá ilusionar aos desencantados da política. Xa é hora de deixar de centrarnos en cuestións internas e umbilicais, que resultan alleas e estrañas para gran parte da cidadanía. Moitos nos están esperando aí fóra, así que hai que falar moito para eles e pouco para nós.

**III Asemblea Cidadá  
Podemos Galicia**

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

**2.7. Podemos cara a fóra, coa cidadanía**

A forza de Podemos ven das bases, a forza de Podemos ven da xente. Temos que comprender Podemos como unha organización aberta, que é constantemente permeable as ideas, as propostas, ás críticas e ao traballo do conxunto da cidadanía.

A diferenza das outras forzas políticas Podemos non partido pechado que remata onde acaban as súas e os seus militantes, ao revés comeza coas persoas inscritas en Podemos en constante relación coa sociedade da que somos parte. Podemos é da cidadanía, a cidadanía é quen manda en Podemos.

Neste sentido, debemos atender ao que nos pide a xente, deixar de mirar para dentro, Podemos non debe ser un lugar de intrigas onde a sociedade só percibe enfrontamento. Cando dicimos Podemos volve queremos dicir que recuperamos a lóxica do partido-movemento que está na sociedade porque nace da sociedade, e porque se concibe como unha ferramenta para cambiar a realidade da maioría. Igual que na constitución de Podemos: plena de vida, de ilusión e de democracia.

**2.8. Galicia, protagonista dun Estado plurinacional**

Podemos Galicia debe situar a Galicia no centro da súa proposta política. O proxecto de país non é só para dentro, ou para administrar a Xunta de Galicia, é unha proposta política para que Galicia exerza o seu papel como suxeito político a favor da súa xente. Galicia ten que asumir o seu papel como nación dentro dun Estado plurinacional.

Podemos quere o que a inmensa maioría do noso pobo, queremos unha Galicia con autonomía plena que fai valer a súa forza sen contrapoñelo a España, a un proxecto de España plurinacional no que Galicia ve recoñecida a súa singularidade. Galicia forte e recoñecida nun proxecto de Estado plurinacional.

Políticamente Podemos é o máis parecido a Galicia, que non quere unha Galicia illada nin subalterna. Galicia debe exercer como suxeito político autónomo con capacidade de decidir o seu futuro, ao tempo que participamos como galegas e galegos nunha proposta de España como Estado plurinacional na que Galicia conta en pé de igualdade.

Neste sentido a proposta de Podemos Galicia dentro de Podemos é a que queremos para o país: conectada, con voz propia e en pé de igualdade. Exercer unha autonomía plena que nos permita actuar como suxeito político ao tempo que somos protagonistas, en canto galegas, de Podemos a nivel do Estado. Podemos Galicia volve, volve a importar no Estado e en Podemos.

**2.9. Podemos e o cambio en Galicia: concello a concello**

A defensa da plurinacionalidade non se entendería sen unha defensa plena da autonomía municipal. En Podemos Galicia cremos na intelixencia colectiva, no común, e na proximidade como o mellor xeito de tomar decisións. Neste senso, e cun horizonte electoral municipal cada vez máis próximo, cómpre centrar esforzos na revitalización dos círculos para termos as nosas xentes ao servizo do cambio nos seus concellos.

Por isto, un dos nosos compromisos máis urxentes, será o de realizar, no primeiro mes de mandato, un plan para gañar Galicia concello a concello no que se definan as liñas marco da estratexia, a nosa axenda de cambio, así como un plan de formación para posibles candidatas e candidatos.

**III Asemblea Cidadá  
Podemos Galicia**

#MaisPodemos  
#PodemosSuma  
@maispodemos

**2.10. Un país feminista.**

Precisamos construír unha organización feminista que atravesese todo o noso país, porque sen feminismo, sen nosoutras, non hai Democracia. Temos o mandato de mellorar as nosas vidas e poñelas no centro das nosas políticas. Esta é unha tarefa que sere-mos quen de artellar se intepelamos a todas, un feminismo de maiorías que permita gañar dereitos sexan cales sexan as nosas razas, xéneros, nacionalidades, traballos, un feminismo que interpele tamén aos homes.

Esta tarefa non só é unha obriga, senón que é unha oportunidade. O feminismo está amosando ser a mellor oportunidade para esquerda, o mellor dique de contención contra a extrema dereita e o fascismo, o mellor motor para xerar esperanza e facer imaxinar a nosa xente un país no que todas as vidas poden ser vividas con orgullo e dignidade.